

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

DATA : 27-06-2025

ASISTENTES:

XUNTA DE GOBERNO:

Presidenta: Miriam Rodríguez Sierra 2907.

Vicepresidenta: Ana María Vilar Varela 703, delega en Miriam Rodríguez

Secretaria: Rosario Capelo Casas 1640

Tesoureiro: Antonio Doval Canabal 1054

Vogais:

Isabel Fernandez Lema 604

Belén Vázquez Iglesias 1131 (ausente)

María Borrajo González 2553

Cristina Díaz Mira 1878

Elena Gómez Fernández 104 delega en Rosario Capelo

Técnicos COTSG:

David Gontán Varela 3761 (coordinación)

Nuria Palmero Sande (asesoría contable)

Miguel Maroño Buxán (asesoría informática)

Nº colexiadas/os asistentes online:

630

1985

2980

672

4030

Nº colexiadas/os asistentes presencial.

3761

488

1084

4449

Delegacións de voto:

3929 delega en 604

1675 delega en 604

679 delega en 604

703 delega en 2907

3194 delega en 2907

2296 delega en 2907

2913 delega en 1878

104 delega en 1640

1167 delega en 2907

En Santiago de Compostela, na sede do COTSG na Rúa Dublín nº 6, sendo as 17:32 horas do venres 27 de xuño de 2025, da comezo (en segunda convocatoria) a sesión da Asemblea Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), coa asistencia das persoas que se relacionan no encabezamento da acta, para tratar a seguinte Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, a acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 2024.
2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria económica do ano 2024.
3. Aprobación, se procede, das Cotas colexiais.
4. Presentación e aprobación, se procede, da Previsión de Gastos e ingresos para 2025.
5. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria do ano 2024.
6. Presentación e aprobación, se procede, do Plan de actividades do ano 2025.
7. Rogos e preguntas.

Miriam Rodríguez, Presidenta do COTSG da a benvida as persoas asistentes.

A secretaria Rosario Capelo da conta dos votos delegados e procede a explicar as normas, para as persoas que asisten online, que deben ser identificadas e ter a cámara encendida, tanto asistentes

online como presencial teñen que solicitar turno de palabra para participar.

E así pásase ao primeiro punto da orde do día:

1- Lectura e aprobación, se procede, a acta da Asemblea xeral Ordinaria do 2024.

A secretaria, somete o texto a votación da Asemblea, que a aproba a Acta do 2024, 15 votos a favor (con 10 votos presencial entre presenciais e delegados e 5 online).

2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria económica do ano 2024.

O tesoureiro Antonio Doval presenta a memoria económica. Expón as principais partidas, e destaca o gasto de persoal, e subvencionar o 50% da formación e a organización de xornadas.

Incorpóranse dúas persoas de xeito presencial.

A secretaria di que se alguén non ten preguntas, ao non haber procédese a votación.

Un problema informático fai que se teña que facer un receso de 10 minutos para poder continuar.

Unha vez resoltos os problema reanúdase a sesión. Coa desconexión da colexiada 672.

Sométese a votación o documento e apróbase con 4 votos online a favor e 6 votos presenciais e 9 delegados a favor. Facendo un total de 19 votos a favor.

3. Aprobación, se procede, das Cotas colexiais

O tesoureiro explica a proposta de conxelación de cotas. Aprobase por 18 votos a favor e un en contra.

O colexiado 4449 di que se debería facer un pequeno incremento para manter a estabilidade económica, o tesoureiro explica que nestes momentos o remanente das contas bancarias non o fai necesario.

4. Presentación e aprobación, se procede, da previsión de gastos e ingresos do 2025.

O tesoureiro explica a continuidade da previsión para este ano. Sométese o documento a votación e apróbase por unanimidade.

5. Presentación e aprobación, se procede, do Memoria de actividades do ano 2024.

A presidenta do Cotsg, da paso a un vídeo que recolle as actividades do 2024 e parte do 2025.

A secretaria da paso a votación do documento e aprobase por unanimidade.

6. Presentación e aprobación, se procede, do Plan de actividades do ano 2025.

A presidenta fala da aposta pola formación desta xunta de goberno. Tamén neste ano hai cambios na área de comunicación, buscando a modernización e o acercamento a colexiación e a sociedade.

A comisión deontolóxica e a comisión permanente do código de bo goberno, expón que son pilares fundamentais para o Cotsg.

A revista Fervenzas que é un valor engadido a labor da colexiación. Neste 2025 tamén será unha aposta decidida pola transformación dos grupos de traballo como forma de participar.

Destaca que neste 2025 a creación do GIES é o culme a un traballo desenvolto durante varios anos.

A presidenta nomea tamén a aposta pola formación despois do grao, participar no máster de traballo social sanitario e no de supervisión.

A colexiada 630 pregunta como está a situación do máster de traballo social sanitario. Argumenta que un máster ten uns ingresos para quen o organiza. Polo que as persoas que colaboran, tanto na

implantación como na formación de alumnos prácticas, deberían ter unha compensación económica.

A colexiada 488 expón que a ela a chamaron para colaborar no máster de ts sanitario, e trasladou a proposta de que as profesionais que colaboraran deberían ter compensación, ou polo menos descontos na matrícula do curso.

A presidenta explica que a chamaron para formar parte da comisión pero que aínda non tiveron ningunha xuntanza, as universidades de Vigo e a Euts de Santiago están a desenvolver este proxecto.

A vogal Cristina Díaz propón reunirse coas colexiadas que traballan en saúde, para poder trazar unha liña común dende o Cotsg.

A colexiada 488 informa que dende este ano non haberá máis prácticas voluntarias. E ve a necesidade de seguir loitando porque se recoñece a profesión de Traballo Social como profesión sanitaria.

A presidenta tamén informa que dende o COTSG solicitarase unha reunión para tratar o tema ACIS.

Noutra orde de cousas, a presidenta informa que as redes sociais estanas a levar o persoal técnico do Colexio, que neste ano está previsto facer tamén un podcast.

Informase tamén da contratación de Andrea Alfaya como persoa especialista en grupos de traballo, buscando un perfil diferente ao persoal que ten o Colexio.

O coordinador do cotsg, intervén para explicar o proceso de modernización do Cotsg, coa elimanación do arquivo físico e transformación no dixital.

En canto a área de violencia de xénero, a presidenta explica que se seguen facendo propostas, pero que por parte da administración non hai resposta, pero que se seguirá traballando.

Sométese o documento a votación e apróbase por unanimidade.

7. Rogos e preguntas.

A colexiada 488 refire que dende o cotsg mandouse unha nota de prensa denunciando que as persoas en emerxencia social permanecen ingresadas no CHUVI ata 2 meses, por falta de recursos.

O coordinador do Cotsg explica que se chamou para preguntar se se quería participar e se rexeitou a participación.

A colexiada 488 quere deixar constancia que cando vaia saír a nota de prensa se volva a chamar. Para que se mellore a comunicación do Cotsg coas xefes de servizo do Hospital.

(Noticia a que se fai referencia: <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/05/17/personas-residen-meses-chuvi-alta-117483687.html>)

A colexiada 630 apoia o dito pola colexiada 488.

A colexiada 2980 afirma que si que dende a organización onde traballa, si que se pasaron datos da situación de Dependencia de Vigo.

O colexiado 4449 propón que dende o Cotsq se oferten cursos de aplicacións informáticas que se utilizan na administración pública, porque están a puntuar en procesos de concellos, e as persoas que non traballan na administración local parten con desvantaxe.

A colexiada 2080 di que parécelle boa idea porque a estes cursos so acceden persoal da administración local.

O coordinador do cotsq di que neste ano tamén se traballará nunha formación para o plan concertado.

A colexiada 488 fala de que dentro do traballo social sanitario se debe avanzar na triaxe. Isabel Fernandez, como vogal do colexio, convida a participar no grupo de ámbito sanitario, para traballar dende o grupo especializado.

A colexiada 1084 pregunta que novos grupos de traballo vanse constituír. A vogal Isabel Fernández di que coa nova convocatoria de grupos, tamén se recollerán novas propostas.

A presidenta anuncia que foi a súa última asemblea e agradece aos persoas participantes.

As 18.59 conclúese a sesión.